

“A nosa poesía sofreu recentemente tres baixas moi importantes: Cabanillas, Pimentel e Aquilino. Está agora nun intre de necesaria renovación. A aparición de libros como *Nimbos* enche o noso espírito de leda e íntima confianza. Danos a plena certeza de contáremos con unha voz poética fonda, orixinal, plena de intimidade humana e, sobre todo, esencialmente verdadeira. A nosa fe de devotos da poesía galega revoa darredor de tí. Sabemos que podes e queres arriquecer sustancialmente o tesouro espiritual do noso patrimonio lírico. Os poetas novos están entusiasmados con *Nimbos*”. Ramón Piñeiro dirixiuse con estas palabras a Xosé María Díaz Castro nunha carta que lle escribiu no 1961.

O seu contido completo pode lerse no epistolario do autor de *Nimbos* que vén de publicar a editorial Galaxia, que reúne correspondencia deste con Ricardo Carvalho Calero, Manuel María, Celso

*Trátase do que a crítica vén denominando “literatura do eu”*

Emilio Ferreiro, Domingo García-Sabell, Luís González Tosar, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé Luís Méndez Ferrín, Uxío Novoneyra ou Claudio Rodríguez Fer, entre outros, ademais do propio Piñeiro. A mesma editora xuntou noutros libros cartas de Xosé Neira Vilas ou de Xosé Luís Franco Grande, ou as que intercambiaron Piñeiro e Basilio Losada ou Francisco Fernández del Riego con Cunqueiro, con Neira Vilas ou con Ricardo Carvalho Calero, por citar algúns.

Mais na edición de epistolarios tamén se implicou moito o Centro Ramón Piñeiro. No seu catálogo poden atoparse compilacións de cartas de Cunqueiro ou de Piñeiro con distintos destinatarios ou a correspondencia de Xosé Neira Vilas con Valentín Paz-Andrade e Celso Emilio Ferreiro; Xosé María Álvarez Blázquez e Isidoro Millán Pardo; ou deste mesmo con Ramón Cabanillas, por pór algúns



## Cartas de vida

Os epistolarios na literatura galega

MONTSE DOPICO



Arriba: X.M.<sup>a</sup>. Díaz Castro. Sobre estas liñas, Ramón Piñeiro.



Xosé María Díaz Castro (1914-1990) no centro da nosa literatura.

Nas cartas de Díaz Castro apréciase o relevante que foi a influencia dos amigos para que o se decidise a publicar a súa obra máis sobranceira. “Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro, tamén Ricardo Carvalho Calero, foron decisivos na súa traxectoria como poeta, pois os dous primeiros foron os que o premeron cordialmente para que preparase un libro de versos que publicar na, daquela, nacente Galaxia, e o terceiro é quen fixo ver aos dous primeiros que a súa voz era imprescindible para a poesía galega do seu tempo e

que debía reunirse nun volume. Ese libro foi *Nimbos*”, explica Requeixo, que non esquece tampouco o papel, neste sentido, de Luís González Tosar.

## A xestación de Nimbos

Outro grupo de misivas é proba da entusiasta recepción crítica deste poemario. “No 1961, *Nimbos* causou unha gran conmoción literaria. Foi

aplaudido por unanimidade. E pasou a ser un home case mítico: todo o mundo se preguntaba de onde saía... porque non sabían del antes. Vaise creando un mapa de afectos arredor del. Primeiro nos 60 e 70, despois nos 80, e nos 90 con xente que deu outra visión sobre el, como Ana Romaní e Xohana Torres. Uns van pasando o facho aos outros. Así, a súa presenza gravita interxeracionalmente. Aparecen citas directas, ou chiscadelas... ata hoxe. Manuel Xosé Neira é un exemplo”, conclúe Requeixo.

exemplos. Máis recentemente, o Consello da Cultura Galega abriu os epistolarios dixitalizados de

Luís Seoane ou Rosalía de Castro, e edicións Embora publicou o *Epistolario diverso* de Neira Vilas, con

179 misivas recibidas por este desde Galicia, Alemaña, Bulgaria, Francia, Italia, Estados Unidos, República

Checa, Finlandia, Brasil, Suecia, Polonia ou Xapón. Todos estes volumes “son, dunha ou doutra ma-

neira, proveitosos”, ao ver do crítico Armando Requeixo, –que foi o responsable da edición do epistolario de Díaz Castro–. “Agora ben, está claro que hai personaxes literarios que dan moito xogo e outros que teñen unha correspondencia menos decisiva. En todo caso: eu estou polos epistolarios literarios, liberados da escrita ‘familiar’ ou ‘persoal’, polo menos nunha primeira achega”, engade. “Non digo que, para casos moi ben estudados non teña tamén un certo interese esoutro tipo de correspondencia, pero, de primeiras, ao que debe atenderse é ás misivas de contido literario, autorial”, aclara.

Os epistolarios forman parte do que a crítica vén denominando “literatura do eu”, cuxo auge relativo sitúa Armando Requeixo no contexto da “medra global do sistema literario –que, lóxicamente, na súa progresión de conxunto tamén fixo por potenciar os diferentes xéneros da literatura do eu–, a conveniencia cultural e social de obras nas que se fixese memoria da bio-bibliografía de significados persoais das nosas letras e intelectualidade, e a non necesidade de concentrar as forzas creativas nunha literatura de resistencia e de raiceira en maior medida colectiva que hoxe non se sente como imprescindible, cousa que si aconteceu durante a ditadura, o que relegaba a un segundo plano un tipo de produción de signo máis persoal e individual”. No seu ensaio A narrativa galega de fin de século Dolores Vilavedra constata ese mesmo “dinamismo” crecente, aínda que ve nalgúns epistolarios achegas “fragmentarias, a miúdo polifónicas, a futuros e hipotéticos proxectos biográficos”.